



C O N C E L L O

D E

**FORNELOS DE MONTES**

(PONTEVEDRA)

**D. JACOBO MANUEL RAYÓN CEDEIRA, Secretario-Interventor no Concello de Fornelos de Montes,**

**CERTIFICO:**

**Que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o vinte e dous de decembro de dous mil vinte e un, adoptou, entre outros, o acordo do que o seu contido se transcribe na súa literalidade, a expensas do que resulte da aprobación definitiva da acta:**

“.....

**11º.- Expediente 438/2021. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO XURADO DO X PREMIO DE POESÍA MANUEL LUEIRO REY.**

Visto o compromiso do Concello de Fornelos de Montes coa cultura, coa lingua e coa “Causa Lueiro”, iniciativa que naceu coa idea de reivindicar e promocionar a figura do escritor fornelense.

Visto que a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada o 20 de agosto de 2021 acordou aprobar as bases da convocatoria da X Edición Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey (Expte nº 438/2021).

Vista a publicación da convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (nº identif. 580932), o extracto da convocatoria no BOP de Pontevedra nº 167 de 31 de agosto de 2021 así como a publicación na web do Concello e no taboleiro de anuncios das correspondentes bases.

Unha vez finalizado o prazo de presentación dos exemplares o 31 de outubro de 2021 conforme a base sexta, e sendo precisa a designación dos membros do xurado de acordo coa base oitava.

Previa deliberación, a Xunta de Goberno Local, por delegación por Decreto de Alcaldía de 21 de xuño de 2019 das competencias atribuídas no artigo 21.1.s) da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, por unanimidade dos seus membros presentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Designar como membros do xurado da X Edición Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey a:

- D. Luís Cochón Touriño.
- D. Armando Requeixo Cuba.
- D<sup>a</sup>. Mercedes Queixas Zas.
- D<sup>a</sup>. Inmaculada Otero Varela.
- D<sup>a</sup>. Lucía Novás Garrido.
- D<sup>a</sup>. Carmen Carreiro Montero, que actuará como secretaria con dereito a voz pero sen voto.





Tel. 986 76 84 09  
Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O

D E

**FORNELOS DE MONTES**

(PONTEVEDRA)

**Segundo.-** Notificar o presente acordo aos interesados.

**Terceiro.-** Proceder á publicación da designación do xurado na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios.....”

**O que se expide aos efectos oportunos, co visto e praxe do Sr. Alcalde, D. Emiliano Lage Rodríguez, en Fornelos de Montes, a vinte e dous de decembro de dous mil vinte e un.**

**O secretario-interventor**

**Vº e praxe  
O alcalde**



Cod. Validación: 9JQSRWRPZPWL2SKY697KNLY7 | Corrección: <https://fornelos.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2